

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 21 de marzo de 2022 pola que se aproba e se fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e se convocan as persoas aspirantes á realización do primeiro exercicio (probas de lingua galega) do proceso selectivo para acceso á escala auxiliar, pola quenda de acceso libre.

Mediante a Resolución reitoral do 15 de xullo de 2021 (DOG do 29 de xullo e BOE do 19 de outubro), convocáronse probas selectivas para cubrir 100 prazas na escala auxiliar da USC, subgrupo C2, pola quenda de acceso libre.

Mediante a Resolución reitoral do 29 de novembro de 2021 (DOG do 10 de decembro), aprobouse a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas nas mencionadas probas selectivas e fixouse un prazo para emendar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión.

Rematado o dito prazo e consonte o establecido na base 4.4 da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ás citadas probas.

Segundo. Indicar que a citada listaxe definitiva está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web: https://www.usc.es/gl/servizos/plan_pas/convocatorias.html

Terceiro. Convocar as persoas aspirantes admitidas que non están exentas deste exercicio para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición (probas de lingua galega), o día 29 de abril de 2022, ás 10.00 horas, na aula A da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, campus Norte (avenida do Burgo, s/n, Santiago de Compostela).

A publicación dos sucesivos anuncios de celebración dos demais exercicios efectuara-se polo tribunal, nos locais onde se realizase a proba anterior, no taboleiro electrónico da universidade e na páxina web:

http://www.usc.es/gl/servizos/plan_pas/convocatorias.html

CVE-DOG: y7xaggd8-ubl3-o343-7yv1-tzwpym2gyw1



Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2022

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: y7xaggd8-ubl3-o343-7yv1-tzwp1ym2gyw1

